

O sentido do tacto

O tacto permítenos coñecer algunhas características dos obxectos ao tocalos. O órgano do sentido do tacto é a pel. A información é captada por multitude de pequenos receptores que se encontran nela. Algunhas zonas, como as xemas dos dedos ou dos labios, son máis sensibles e teñen máis desenvolvido este sentido porque teñen máis receptores do tacto. Desde a pel saen moitos nervios que levan ao cerebro a información recollida polo sentido do tacto.

O sentido do gusto

O sentido do gusto permítenos detectar o sabor dos alimentos. O órgano principal do sentido do gusto é a lingua. Está cuberta polas papilas gustativas, coas que captamos os diferentes tipos de sabores. Os sabores que podemos captar son cinco e reciben o nome de sabores básicos: doce, salgado, ácido, amargo e *umami*. O sabor *umami* é o máis difícil de recoñecer. Os demais sabores que captamos son combinacións destes cinco básicos. A información do sentido do gusto chega ao cerebro por varios nervios.

O sentido do olfacto

O olfacto permítenos captar o olor das substancias. O órgano deste sentido é o nariz. Os olores propáganse a través do aire.

Cando respiramos entran no nariz polos orificios nasais e chegan ás fosas nasais. Alí está a pituitaria amarela, que é a encargada de captar os olores.

A información que recibe o sentido do olfacto chega ao cerebro a través do nervio olfactivo. As persoas somos capaces de recoñecer miles de olores diferentes.

O coidado da vista

Os ollos son órganos delicados que hai que coidar. É moi importante ler e traballar con luz suficiente para evitar que os ollos se forcen demasiado. Por outro lado, un exceso de luz pode danar os ollos. Por iso, nunca se debe mirar o sol directamente. Ademais, nos lugares con moito sol, é conveniente protexelos cunhas lentes de sol adecuadas. Tamén debemos ir ao oftalmólogo para revisar a vista e usar lentes se as necesitamos.

O coidado do oído

A hixiene tamén é importante para os oídos. Os sons fortes son prexudiciais para o oído e poden facer que se perda audición. Por iso non é conveniente oír música con auriculares a un volume alto. Cando doen os oídos hai que acudir ao otorrino.

A contaminación acústica

Nalgúns lugares, como os aeroportos e as cidades, adoita haber moito ruído. Este ruído é unha forma de contaminación que se chama contaminación acústica.

1- Cal é o órgano do sentido do tacto? E o do sentido do olfacto?

.....

2- Cales son os cinco sabores básicos que podemos captar?

.....

3- Pensas que é necesario ler e traballar con luz suficiente? Razona a túa resposta.

.....

.....

4- Explica coas túas palabras o que é a contaminación acústica.

.....

.....